



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/12 SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:14 horas do día 25 de xuño de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D. Juan Carlos García Barreiro
- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 12 de xuño de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 12 de xuño de 2026.

2.º. Padróns fiscais e dereitos de ingreso

2.1. PADRÓN FISCAL SAF MAIO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL SAF MAIO ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X998/000012

Vista a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Coirós, publicada no BOP n.º 124 o 02/07/2014. É obxecto desta Ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Coirós (artigo 1º).

Vista a relación de usuarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar, correspondente ó mes de maio de 2026 que se xunta á proposta elaborada polos servizos sociais municipais en data 16/06/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2026, tal e como seguen:

USUARIOS: 38 usuarios con copagamento, e 3 beneficiarios están exentos de pagamento

IMPORTE: 2.135,34€

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LXCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será o 10/07/2026.

TERCEIRO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Tesouraría municipal, aos efectos oportunos.

Coirós, a 24 de xuño de 2026

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3º. Patrimonio

3.1. “REDE ECO RESERVA DA BIOSFERA” FINANCIADO COS FONDOS NEXT GENERATION A TRAVÉS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)-ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS. Expte. 2024/X999/000034

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: “REDE ECO RESERVA DA BIOSFERA” FINANCIADO COS FONDOS NEXT GENERATION A TRAVÉS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)-ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS. Expte. 2024/X999/000034

O Concello de Coirós é un dos 17 municipios que conforman o territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, a cal promove no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino: “Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, destino de ecoturismo familiar neutro en carbono”, financiado con fondos Next Generation a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), proposto pola Asociación Mariñas - Betanzos, entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesa, contéplase a creación da “Rede Eco da Biosfera”, que pretende ser neutra en carbono a través de proxectos de compensación locais.

Esta Rede consiste na instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos en cada un dos 17 concellos que conforman a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, para promover a mobilidade sostible, a eficiencia enerxética no Destino e ofrecer un novo servizo a turistas e poboación local.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos (entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas) remitiu por rexistro de entrada nº 20249990000595 o día 4 de setembro de 2024 o proxecto técnico visados para a infraestrutura de recarga eléctrica no Concello de Coirós baixo este Plan de Sostibilidade: proxecto de infraestrutura de recarga VE Concello de Coirós, visado nº 2297/24-CO de data 23/08/2024.

Con data 06/08/2025 e número de rexistro de entrada 20259990000536 a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos solicita o recoñecemento da non suxeición da taxa por utilización privativa do dominio público obxecto da concesión xustificando que a ocupación non vai ter utilidade económica.

Considerando que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza. O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, LRBRL) atribúe competencias ao Municipio en materia de urbanismo, medio ambiente, infraestrutura viaria e tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

De conformidade co establecido no artigo 93.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (artigo con carácter de lexislación básica), o outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. No entanto, poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis.

Entre ditos supostos recóllese a posibilidade de outorgar directamente a concesión a favor de entidades sen ánimo de lucro de utilidade pública, características que ostenta a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos tal e como consta nos seus estatutos e na Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 8 de febreiro de 2017 (DOG nº38 de 23 de febreiro de 2017).

No presente caso, a excepcionalidade da adxudicación directa resulta perfectamente xustificada en tanto que dela depende a correcta execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino: “Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, destino de ecoturismo familiar neutro en carbono”, financiado con fondos Next Generation a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Os beneficios de dito plan constan perfectamente detallados no mesmo.

As concesións, segundo dispón o artigo 93.3 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, en ningún caso poderá outorgarse por tempo indefinido, o prazo máximo será de setenta e cinco anos, a non ser que pola normativa especial sinale outro menor.

A xestión ou explotación dos puntos de recarga pode levarse a cabo por fórmulas indirectas de natureza contractual, que se rexen pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que no seu artigo 15 define a concesión de servizos:

«1. O contrato de concesión de servizos é aquel en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito a explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo devandito dereito acompañado do de percibir un prezo».

Dita concesión realizarase a través dun procedemento aberto de licitación pública, promovido desde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, para o conxunto de puntos de recarga que conforman a “Rede Eco da Biosfera” e que seleccionen este modelo de xestión. Con este modelo, non se xerará custo algún, nin de xestión nin de mantemento ao Concello de Coirós durante o período de concesión establecido anteriormente, por un período de dez anos.

Conforme dispón o artigo 93.4 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, as concesións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou condición ou estar suxeitas á taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Non estarán suxeitas á taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leve aparelhada unha utilidade económica para o concesionario, ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento entrañe condicións ou contraprestación para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Neste caso, tal e como indica a Asociación concesionaria no seu escrito de data 06/08/2025, esta concesión non leva aparelhada unha utilidade económica para esta polo que procede facer constar a súa non suxeición á taxa municipal por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a patrimonio, mediante Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril do 2026 (BOP nº 75 do 23 de abril do 2026).

Tendo en conta o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO: Outorgar unha concesión administrativa a favor da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos (entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas), consistente na superficie necesaria dedicada á instalación destas infraestruturas de recarga municipais na parcela de titularidade municipal con referencia catastral 7990805NH6879S0001ZJ nos termos descritos no proxecto técnico presentado no expediente 2025/U022/000008.

Dita concesión non estará suxeita á taxa municipal pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ao abeiro do previsto no artigo 93.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

SEGUNDO: A xestión de tales infraestruturas corresponderá á concesionaria que resulte seleccionada pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos previa licitación da instalación destas infraestruturas de recarga serán executadas desde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas a través do seu Plan de Sustentabilidade Turística en Destino. Tras a instalación, realizarase a xestión integral do punto de recarga a través dunha empresa concesionaria, durante un período de concesión de 10 anos.

TERCEIRO: Continuar os trámites de solicitude das autorizacións sectoriais preceptivas para a execución do proxecto presentado no expediente 2025/U022/000008.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo á Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos.

Coirós, a 24 de xuño de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo"



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Contratacións

4.1. Adxudicación do contrato de prestación de servizos Concilia Coirós. Expte. 2026/C004/000003

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: adxudicación do contrato de prestación de servizos Concilia Coirós (fase D) da Expte. 2026/C004/000003

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/05/2026 aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas, prescricións técnicas e o expediente de contratación do servizo indicado.

Na data 27/05/2026 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Coirós. O prazo de presentación de ofertas rematou o 11/06/2026.

A mesa de contratación procedeu á apertura do SOBRE A (documentación administrativa) e B (criterios baseados en xuízo de valor) na data 12/06/2026, e en data 15/06/2026, onde se procede á apertura e valoración do sobre C (criterios avaliados automaticamente), resultando:

“(…) 5.- Propuesta adjudicación: 2026/C004/000003 - Prestación de servizos de conciliación no verán:

Concilia Coirós 2026

De acuerdo a la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la mesa concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

1.-Orden: 1NIF: B15664816 ESPROADE, S.L. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV: 46

Total criterios CAF: 48.78

Total puntuación: 94.78

2.-Orden: 2NIF: B15837842 SONAGA GESTIÓN, S.L.

Total criterios CJV: 41

Total criterios CAF: 51

Total puntuación: 92

3.-Orden: 3NIF: B70517883 Galicia Eventos e Ocio S.L

Total criterios CJV: 40

Total criterios CAF: 49.15

Total puntuación: 89.15

4.-Orden: 4NIF: B15835721 AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Total criterios CJV: 39
Total criterios CAF: 48.78
Total puntuación: 87.78
5.-Orden: 5NIF: B72438047 GRUPO TREMOLA SL
Total criterios CJV: 34
Total criterios CAF: 37.15
Total puntuación: 71.15

6.- Mejor valorado - Requerimiento de documentación: 2026/C004/000003 - Prestación de servicios de conciliación no verán: Concilia Coirós 2026

Se comprueba por la mesa, certificado de inscripción en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas clasificadas del Sector Público y certificado de inscripción en el Registro de Licitadores de la Comunidad Autónoma de Galicia de la licitadora NIF: B15664816 ESPROADE, S.L. Se comprueba igualmente que la licitadora está al corriente de sus obligaciones tributarias con el Estado, la CCAA y el Ayuntamiento de Coirós y que está al día en el cumplimiento con la Seguridad Social.

Se acuerda requerir la siguiente documentación a la licitadora NIF: B15664816 ESPROADE, S.L, propuesto para la adjudicación, tal y como se indica en la cláusula décimo octava del PCAP:

- Documentación acreditativa de la solvencia económica, financiera y técnica.
- Alta en el Impuesto de Actividades Económicas (IAE) y último recibo de pago.
- Póliza de seguro de responsabilidad civil y daños.
- Documentación que acredite la constitución de la garantía definitiva."

Presentada a documentación polo licitador proposto para a adxudicación en data 16/06/2026, foi emitido informe de fiscalización da fase D na data 22/06/2026 pola intervención municipal, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.-Adxudicar o contrato de prestación de servizos de conciliación no verán: Concilia Coirós 2026 a NIF: B15664816 ESPROADE, S.L.(94,78 puntos),nas seguintes condicións:

1º Oferta económica:

- Prezo por hora:16,90 euros (sen IVE)
- Prezo total: 47083.40 € (s/IVE), mais 4.708,34 € en concepto de IVE, total 51.791,34€

2º Melloras

- Ofértase a mellora consistente en que todo o persoal de que se vaia servir dispoña dunha formación mínima de 20 horas en materia de igualdade
- Ofértanse 4 actividades fora dos recintos do campamento, e dentro do Concello

3º. Consonte ao proxecto técnico presentado no sobre B

Segundo.- Dispoñer un gasto por importe de 51.791,74 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231 22699 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Terceiro.- Notificar a adxudicación aos licitadores e publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Coirós e na Plataforma de contratación do sector público.

Cuarto.- A formalización do contrato en documento administrativo deberá efectuarse antes do 30 de xuño de 2026.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Coirós, 24 de xuño de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4.2. Adxudicación do contrato de obra “saneamento en Coirós de Arriba e Recebés”. Expediente: 2026/C002/000009

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Asunto: adxudicación do contrato de obra “saneamento en Coirós de Arriba e Recebés”.
Expediente: 2026/C002/000009**

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/12/2025 aprobouse proxecto técnico e o expediente de contratación da actuación indicada.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/05/2026 aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)

Na data 29/05/2026 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Coirós. O prazo de presentación de ofertas rematou o 05/06/2026.

Considerando que a mesa de contratación procedeu á apertura do SOBRE A “documentación administrativa e criterios evaluables automaticamente”, na data 09/06/2026 resultando:

“Se Expone

1.- Apertura criterios evaluables automaticamente: 2026/C002/000009 - Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés. POS+2025 Ad2a



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Se procede a la apertura de los sobres de aquellas empresas que hayan sido admitidas:

NIF: B15289614 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L

NIF: B15026693 ESPINA Y DELFIN

Tras la apertura del sobre del licitador NIF: B15289614 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L, se observa que éste declina presentar oferta, por lo tanto se retira.

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2026/C002/000009 - Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés. POS+2025 Ad2a

Una vez remitida la información por la mesa, ésta ha valorado las proposiciones técnicas de acuerdo a los criterios del PCAP de la siguiente manera:

NIF: B15289614 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L (OFERTA RETIRADA)

NIF: B15026693 ESPINA Y DELFIN:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 29300 Valor aportado por la mesa: 29300 Puntuación: 0.08 Motivo: Segun programa de valoración de ofertas de la Diputación de A Coruña

- Ampliación prazo de garantía Valor introducido por el licitador: SI Valor aportado por la mesa: SI Puntuación: 1 Motivo: Amplía dos (2) años de garantía, suponiendo un total de tres (3) años

- Mellora na drenaxe e evacuación de augas pluviais mediante a realización de caz/cuneta Valor introducido por el licitador: SI Valor aportado por la mesa: SI Puntuación: 3 Motivo: Oferta la mejora propuesta.

3.- Propuesta adjudicación: 2026/C002/000009 - Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés. POS+2025 Ad2a

De acuerdo a la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la mesa concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

Orden: 1NIF: B15026693 ESPINA Y DELFIN Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 4.08

Total puntuación: 4.08

4.- Mejor valorado - Requerimiento de documentación: 2026/C002/000009 - Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés. POS+2025 Ad2a

Visto lo dispuesto en la cláusula décimo segunda del PCAP, la mesa comprueba que la licitadora está inscrita en el Rexistro Xeral de Contratistas de la Comunidad Autónoma de Galicia, (nº1574),, figurando inscritos datos de la entidad, domicilio social, objeto social, apoderamientos, cumplimiento de obligaciones tributarias y con la SSSS y clasificaciones vigentes.

Por tanto la mesa acuerda requerirle garantía definitiva por el importe del 5% del precio de adjudicación, que asciende a 1.465,00 €, otorgando un plazo de tres días hábiles desde en envío de la comunicación electrónica.

“”



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Contestado o requirimento por parte do licitador na data 11/06/2026, e comprobada que a documentación está correcta, procede adxudicar o contrato.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de obra “saneamento en Coirós de Arriba e Recebés” á empresa Espina & Delfín, por un prezo do contrato de 35.453,00 € (4,08 puntos), que supón un importe de 29.300,00 €, e 6.153,00 € correspondentes ao Imposto Sobre o Valor Engadido (nas seguintes condicións:

- Oferta económica: 29.300,00 euros (IVE excluído)
- Ampliación prazo de garantía: Amplía dos (2) anos de garantía, supoñendo un total de tres (3) anos
- Mellora na drenaxe e evacuación de augas pluviais mediante a realización de caz/cuneta: Oferta la mejora propuesta.

Segundo.- Dispoñer un gasto por importe de 35.453,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 160/60901 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Notificar a adxudicación ao licitador que resultou adxudicatario e publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Coirós e na Plataforma de contratación do sector público.

Cuarto.- Nomear director facultativo das obras e coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro Juan Carlos Llamazares. A dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (no caso de que se requira esta última para este contrato) realízase a través dun contrato menor de servizos, con expediente núm. 2026/C002/000017 tramitado previamente ao expediente de contratación.

Quinto.- Nomear responsable do contrato a Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Coirós, mércores 24 de xuño de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

4.3. Aprobación do expediente de contratación da obra “infraestrutura viaria interior do parque empresarial de Coirós”, IN519B (Consellería de Economía e Industria)”. Expediente 2026/C002/000026.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do expediente de contratación da obra “infraestrutura viaria interior do parque empresarial de Coirós”, IN519B (Consellería de Economía e Industria)”. Expediente 2026/C002/000026.

Tendo en conta que o Concello de Coirós dispón dun importante parque empresarial, ocupado ao 90% da súa capacidade e que se constitúe como a base operativa de importantes empresas asentadas dende a súa construción e que na actualidade, debido á súa elevada ocupación e uso e ao tempo transcorrido dende a súa construción, precisa a renovación, adaptación a normativa e reposición que procedan do sistema viario, actualmente fora de uso, todo elo co obxectivo de ofrecer espazos empresariais competitivos, atractivos e sobre todo funcionais e seguros, procede iniciar o expediente de licitación da mencionada obra.

O prezo do contrato calculouse segundo o establecido no artigo 100 da LCSP, e consta desagregado no prego de prescricións técnicas particulares (proxecto).

Visto que o orzamento base de licitación, como máximo, ascende a contía de 47.921,15 € (IVE incluído), estímase procedente a contratación mediante contrato menor (art. 118 LCSP), por razón da contía, así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que a obra debe estar executada o 31/10/2026.

Visto o informe de necesidade emitido na data do 23/06/2026.

Visto o proxecto redactado por o Enxeñeiro Juan Carlos Llamazares, aprobado mediante a resolución 44/2026 do 2 de marzo de 2026, cun orzamento de 47.921,15 €.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 23/06/2026, proposto pola Alcaldía, que constan no expediente.

Consta retención de crédito na aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 47.921,15 € e segundo o documento RC nº 220260002999.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, por Decreto 75/2026, de 13 de abril, publicado no BOP nº 75 do 23 de abril do 2026., o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, mediante contrato menor, da obra “Infraestrutura viaria interior do Parque



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Empresarial de Coirós”, por importe de corenta e sete mil novecentos vinte e un coma quince euros (47.921,15 €.IVE incluído)

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de corenta e sete mil novecentos vinte e un coma quince euros (47.921,15 €.IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de prescrición técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares no Perfil do Contratante e na plataforma de contratación do estado.

Coirós, mércores 24 de xuño de 2026..

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4.4. Dar conta da aprobación do expediente de Contratación de tratamentos preventivos de xeito mecanizado para rozas en camiños municipais no concello de Coirós. Expediente 2026/C004/000004.

Ponse en coñecemento da Xunta de Goberno Local que o día 19-06-2026 ditouse a Resolución de Alcaldía/Presidencia 166/2026 cuxo contido de seguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: Contratación de tratamentos preventivos de xeito mecanizado para rozas en camiños municipais no concello de Coirós.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000214

ANTECEDENTES:

Visto informe de necesidade asinado na data de 19/06/2026.

Vistos prego de prescricións técnicas asinado pola arquitecta municipal en data 17/06/2026 e prego de cláusulas administrativas, asinado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente en data 19/06/2026, que han de rexer a contratación do servizo de tratamentos preventivos de xeito mecanizado para rozas en camiños municipais do Concello de Coirós, co seguinte orzamento:

LOTE	DESCRICIÓN	MEDICIÓN	PREZO SEN IVE	PREZO CON IVE
1	CAMIÑOS RURAIS	51.263ml x 0,25€/ml	12.815,75€	15.507,06€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

2	VIAIS EN NÚCLEOS	33.421mlx 0,25€/ml	8.355,25€	10.109,85€
			21.171,00€	25.616,91€

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto do contrato, estamos ante un contrato administrativo de servizos regulado nos art. 12 e 15 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art 28 da LCSP ven xustificada pola competencia municipal pola prevención de incendios forestais nas faixas primarias das vías de comunicación, no marco da normativa vixente.

Visto que o orzamento total ascende á contía de 25.6161,91€, estímase procedente a contratación do referido servizo mediante procedemento aberto simplificado abreviado (159.6 LCSP), por razón da contía, así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que se prevé iniciar os traballos na primeira quincena de xullo de 2026.

Consta retención de crédito na aplicación orzamentaria 136.22699 por importe de 25.6161,91 € e segundo o documento RC nº 220260003371.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás contratacións (apartado 3º), mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril (BOP nº 75 do 23/04/2026), o órgano competente para a contratación deste servizo é a Xunta de Goberno Local.

Porén, tendo en conta que procede publicar a presente licitación o máis axiña posible, dado que este servizo ten que estar adxudicado antes do 15 de xullo de 2026, data de apertura da piscina municipal, concorren as razóns de urxencia para a avogación da competencia por parte da Alcaldía, tendo en conta que a vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local non terá lugar ata a cuarta semana de xuño.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local para este caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas, que han de rexer a contratación do servizo “Tratamentos preventivos de xeito mecanizado para rozas en camiños municipais no concello de Coirós”.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo “Tratamentos preventivos de xeito mecanizado para rozas en camiños municipais no concello de Coirós” cun orzamento de vinte e cinco mil seiscientos dezaseis euros e noventa e un céntimos (25.616,91€), mediante procedemento aberto simplificado abreviado, segundo consta no prego de cláusulas administrativas que consta no expediente.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Cuarto.- Autorizar un gasto por importe de vinte e cinco mil seiscientos dezaseis euros e noventa e un céntimos (25.616,91€), con cargo á aplicación orzamentaria 136.22699 do vixente orzamento de gastos.

Quinto.- Proceder ao inicio da contratación mediante publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómake razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4.5. Dar conta da resolución do contrato menor do servizo de psicoloxía de maio a novembro de 2026. Expediente 2026/C002/000010.

Ponse en coñecemento da Xunta de Goberno Local que o día 22-06-2026 ditouse a Resolución de Alcaldía/Presidencia 168/2026 cuxo contido de seguido se transcribe:

"RESOLUCIÓN

ASUNTO: Resolución contrato menor do servizo de psicoloxía de maio a novembro de 2026

EXPEDIENTE: 2026/C002/000010

ANTECEDENTES:

-Vista a adxudicación do contrato menor, o que se fai referencia no asunto, na data do 28/04/2026, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, a Lorena Pasandín Valeiro, con NIF ***1400**, polo importe total de 8.691,00 €, cunha duración de 7 meses, iniciando o contrato o 1 de maio de 2026.

-Visto que a adxudicataria presenta a través da sede electrónica de Coirós, unha solicitude de rescisión contractual por motivos de saúde, (nº rexistro 202699900000637 e data do 12/06/2026), na que expón, entre outros:

" Segundo. Que con fecha 4 de junio de 2026 inicié una situación de incapacidad temporal (baja médica), habiendo cumplido de forma efectiva con todas mis obligaciones contractuales y prestado servicios presenciales de manera ininterrumpida hasta el día inmediatamente anterior a dicha baja, esto es, el 3 de junio de 2026.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Tercero. Que tras el actual periodo de incapacidad temporal derivado de motivos de salud, tengo prevista la concatenación inmediata con la correspondiente baja por maternidad (suspensión del contrato por nacimiento y cuidado de menor).

Cuarto. Que por estrictos motivos de salud debidamente acreditados por los facultativos competentes, y dada la inviabilidad médica de reincorporarme o dar continuidad al objeto del contrato una vez finalizadas las suspensiones legales mencionadas, me resulta materialmente imposible cumplir con el remanente del contrato o sus prórrogas.

SOLICITA: Que se tenga por presentado este escrito a través de la Sede Electrónica del Ayuntamiento de Coirós, se admita a trámite y, en mérito a lo expuesto, se proceda a la rescisión formal del contrato de prestación de servicios como Psicóloga del CIM, con efectos jurídicos debidamente acompañados a las circunstancias de fuerza mayor por motivos de salud e incapacidad sobrevenida aquí detalladas.

Asimismo, solicito que por el departamento o servicio competente se realicen las actuaciones oportunas de liquidación y demás trámites administrativos derivados de esta extinción contractual

O art. 211.1.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, contempla como causa de resolución do contrato o mutuo acordo entre a Administración e o contratista, engadindo o art. 212.4 desta mesma Lei que a resolución por tal causa “só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato”.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a contratación (apartado 3º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026) o órgano competente para acordar a resolución deste contrato é a Xunta de Goberno Local.

Porén, procede resolver de inmediato o presente contrato menor e incoar un novo expediente, a fin de que o servizo de atención psicolóxica do CIM non quede desatendido, polo que procede avogar a competencia delegada e resolver hoxe.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Avogar as competencias en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local para este caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

SEGUNDO.- Aceptar a solicitude de resolución do contrato presentada pola adxudicataria Lorena Pasandín Valeiro e, en consecuencia, resolver o contrato menor denominado “Servizo de psicoloxía de maio a novembro de 2026” de mutuo acordo entre o Concello de Coirós e a adxudicataria, ao abeiro do disposto no art. 211.1.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á interesada e dar traslado da mesma á Directora do CIM.

CUARTO.- Iniciar os trámites para adxudicar novamente o servizo mediante contrato menor.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómasse razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

O alcalde introduce neste apartado un asunto non comprendido na orde do día por vía de urxencia, dado que o expediente non estaba completo no momento da convocatoria: trátase da adxudicación do contrato de servizos "Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós, verán 2026", que urxe adxudicar posto que a data de apertura das instalacións terá lugar o 1 de xullo de 2026.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasan a tratarse estes asuntos.

4.6. Adxudicación do contrato de servizos "Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós, verán 2026". Expediente: 2026/C004/000002

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: adxudicación do contrato de servizos "Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós, verán 2026". Expediente: 2026/C004/000002

ANTECEDENTES:

Por Resolución da Alcaldía número 134/2026 de data 29/05/2026 aprobouse prego de prescricións técnicas, prego de cláusulas administrativas e o expediente de contratación do servizo indicado.

Na data 30/05/2026 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Coirós. O prazo de presentación de ofertas rematou o 12/06/2026.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Considerando que a mesa de contratación procedeu á apertura do SOBRE A “documentación administrativa e proposición económica”, na data 15/06/2026 resultando:

“Se Expone

1.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159): 2026/C004/000002 - Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós, verán 2026

Han concurrido las siguientes empresas:

NIF: B15664816 ESPROADE, S.L. Fecha de presentación: 12 de junio de 2026 a las 20:25:19

NIF: 46902780F JAIRO BELLO VIDAL Fecha de presentación: 11 de junio de 2026 a las 13:32:28

Tras la revisión de la documentación aportada por los licitadores la mesa concluye lo siguiente:

Admitir a los siguientes licitadores:

NIF: B15664816 ESPROADE, S.L.

NIF: 46902780F JAIRO BELLO VIDAL

2.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159): 2026/C004/000002 - Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós, verán 2026

Una vez examinada la información por la mes, ésta ha valorado las proposiciones de acuerdo a los criterios del PCAP de la siguiente manera:

-NIF: B15664816 ESPROADE, S.L.:

- Melloras: actividades acuáticas complementarias Valor introducido por el licitador: a) Actividades acuáticas complementarias (Contestar si ou non)

- Impartición de cursos de natación infantil organizados en dous grupos diferenciados por idade e/ou nivel, con dúas sesións semanais de 30 minutos para cada grupo durante o mes de xullo.

SI

- Realización dunha actividade dirixida de aquagym ou similar destinada a un único grupo, con dúas sesións semanais de 30 minutos durante o mes de xullo

SI

Valor aportado por la mesa: a) Actividades acuáticas complementarias (Contestar si ou non)?

- Impartición de cursos de natación infantil organizados en dous grupos diferenciados por idade e/ou nivel, con dúas sesións semanais de 30 minutos para cada grupo durante o mes de xullo.? SI?

*SI?
?*



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Realización dunha actividade dirixida de aquagym ou similar destinada a un único grupo, con dúas sesións semanais de 30 minutos durante o mes de xullo?

SI?

Puntuación: 15

- Criterio económico Valor introducido por el licitador: 21200 Valor aportado por la mesa: 21200

Puntuación: 39.37

- Melloras na prestación do servizo Valor introducido por el licitador: b) Melloras na prestación do servizo (Contestar si ou non)

- Dotación dun desfibrilador externo semiautomático (DEA), xunto co compromiso de mantemento, revisión e correcta operatividade durante toda a duración do contrato, co fin de reforzar a capacidade de resposta ante emerxencias sanitarias e mellorar significativamente a seguridade dos usuarios da instalación.

SI

- Dotación e instalación dunha corcheira adicional no vaso da piscina, co obxectivo de mellorar a organización dos diferentes usos da lámina de auga, facilitando a separación entre nado libre, cursos de natación e actividades dirixidas, o que contribúe a unha mellor ordenación do espazo acuático e a un incremento da seguridade dos usuarios.

NON

Valor aportado por la mesa: b) Melloras na prestación do servizo (Contestar si ou non)?

- Dotación dun desfibrilador externo semiautomático (DEA), xunto co compromiso de mantemento, revisión e correcta operatividade durante toda a duración do contrato, co fin de reforzar a capacidade de resposta ante emerxencias sanitarias e mellorar significativamente a seguridade dos usuarios da instalación.?

SI?

?

- Dotación e instalación dunha corcheira adicional no vaso da piscina, co obxectivo de mellorar a organización dos diferentes usos da lámina de auga, facilitando a separación entre nado libre, cursos de natación e actividades dirixidas, o que contribúe a unha mellor ordenación do espazo acuático e a un incremento da seguridade dos usuarios.?

NON

Puntuación: 10

-NIF: 46902780F JAIRO BELLO VIDAL :

- Melloras: actividades acuáticas complementarias Valor introducido por el licitador: 15 Valor aportado por la mesa: 15 Puntuación: 0 Motivo: En la proposición presentada en el Sobre A, firmado por el licitador, no oferta mejoras.

- Criterio económico Valor introducido por el licitador: 16693.54 Valor aportado por la mesa: 16693.54 Puntuación: 50 Motivo: Mejor oferta.

- Melloras na prestación do servizo Valor introducido por el licitador: 15 Valor aportado por la mesa: 15 Puntuación: 0 Motivo: En la proposición presentada en el Sobre A, firmado por el licitador, no oferta mejoras.

3.- Propuesta adjudicación: 2026/C004/000002 - Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós, verán 2026



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

De acordo a la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la mesa concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

1.-Orden: 1NIF: B15664816 ESPROADE, S.L. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 64.37

Total puntuación: **64.37**

2.-Orden: 2NIF: 46902780F JAIRO BELLO VIDAL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 50

Total puntuación: **50**

4.- Mejor valorado - Requerimiento de documentación: 2026/C004/000002 - Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós, verán 2026

Se comprueba por parte de la mesa inscripción en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas, que la empresa propuesta está debidamente constituida, que el firmante de la proposición tiene poder suficiente para formular la oferta, ostenta la solvencia económica, financiera y técnica y no esatá incurso en ninguna prohibición para contratar.

Se acuerda requerir, mediante comunicación electrónica, a la licitadora NIF: B15664816 ESPROADE, S.L, dentro del plazo de siete (7) días hábiles desde la fecha del envío de la comunicación, aporte la documentación acreditativa:

- Acreditar que el personal que impartirá las actividades reúne los requisitos exigidos en el pliego de prescripciones técnicas.

- Acreditación mediante presentación de copia de la correspondiente póliza y justificante de pago, de tener concertado un Seguro de Responsabilidad civil; el importe mínimo de la cobertura se establece en 750.000 euros de capital asegurado.

-Presentación do Plan de Trabajo, que inclúa os seguintes apartados:

-Organigrama del personal y funciones específicas de cada uno.

-Organización del servicio.

.Sistema de sustituciones.

-Metodología

“”

Contestado o requerimento por parte do licitador na data 23/06/2026, e comprobada que a documentación está correcta, a mesa de contratación declarou completa a documentación na sesión celebrada o 25/06/2026.

Consta informe de fiscalización previa da fase D, en sentido favorable, emitido pola secretaría-intervención municipal, en data 25/06/2026.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Concello de Coirós é a Alcaldía, posto que o valor estimado do contrato (21.200,00 €) non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2026 (182.224,00 €).

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.-Adxudicar o contrato de “servizos “Servizo de socorrismo, control de accesos e mantemento técnico-sanitario da piscina municipal de Coirós” á empresa ESPROADE, S.L, NIF B15664816 por un prezo do contrato de 25.652,00 € (64.37 puntos), que supón un importe de 21.200,00 €, e 4.452,00 € correspondentes ao Imposto Sobre o Valor Engadido, nas seguintes condicións:

b) Melloras na prestación do servizo (Contestar si ou non)

- Dotación dun desfibrilador externo semiautomático (DEA), xunto co compromiso de mantemento, revisión e correcta operatividade durante toda a duración do contrato, co fin de reforzar a capacidade de resposta ante emerxencias sanitarias e mellorar significativamente a seguridade dos usuarios da instalación.

☒ SI

☐ NON

- Dotación e instalación dunha corcheira adicional no vaso da piscina, co obxectivo de mellorar a organización dos diferentes usos da lámina de auga, facilitando a separación entre nado libre, cursos de natación e actividades dirixidas, o que contribúe a unha mellor ordenación do espazo acuático e a un incremento da seguridade dos usuarios.

☐ SI

☒ NON

Firmado por ***5552** PAULA VAZQUEZ (R: *****6481*) el día 12/06/2026 con un certificado emitido por AC Representación

ES

☐ NON

Segundo.- Dispoñer un gasto por importe de 25.652,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341.22699 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Notificar a adxudicación ao licitador que resultou adxudicatario e publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Coirós e na Plataforma de contratación do sector público.

Cuarto.- Nomear responsable do contrato ao técnico municipal de deportes, Henrique Xesús Fidalgo Méndez.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Coirós, xoves, 25 de xuño de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e vinte e seis minutos (14:26) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde, Francisco Quintela Requeijo, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.